

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salda Nº. 201700010667
26/06/17 12:11:38

Publicada no Diario Oficial de Galicia do 26 de xuño de 2017 a adxudicación definitiva de destinos resultante do concurso de méritos convocado mediante a resolución do 9 de marzo de 2017, e fixada como data de cesamento no posto previo a do 27 de xuño de 2017, para a partir dela iniciarse o cómputo do prazo de toma de posesión, cómpre tomala como referencia para a completa entrada en vigor da relación de postos de traballo (RPT) do persoal funcionario de administración e servizos (PAS) aprobada polo Consello de Goberno desta universidade o 10 de outubro de 2016.

O alcance e profundidade dos cambios operados a través da RPT na organización, actividade e distribución do PAS funcionario requirían, e deste modo se realizou, unha planificación minuciosa coa finalidade de asegurar unha transición entre a anterior RPT e a actual que non xerara disfuncións na prestación dos servizos que competen en xeral ás universidades, consonte a Lei orgánica de Universidades, e de forma singular ao colectivo afectado no que atinxe ao apoio á xestión e á administración.

As medidas adoptadas para acadar tal finalidade responderon a diferentes principios, fundamentalmente os de seguridade xurídica, garantía e respecto máximo aos dereitos do persoal afectado, que dada a envergadura e complexidade do proceso deberon considerarse necesariamente no seu conxunto, obxectividade e axilidade. E todo isto, respondendo en todo momento ás necesidades e requirimentos dos diferentes servizos e unidades para evitar anomalías no seu funcionamento, nos mesmos termos e co mesmo obxectivo que se expresaba na delegación contida na resolución reitoral do 27 de outubro de 2016 (DOG do 7 de novembro)

Alcanzada a fase na que nos atopamos, resolto o concurso convocado para a provisión de postos de traballo do PAS funcionario e unha vez conclúa o proceso de toma de posesión nos novos destinos acadados, todo o persoal funcionario de administración e servizos, tivera ou non concursado, estará adscrito con carácter definitivo a un posto da vixente relación de postos de traballo, polo que

ESTA REITORIA RESOLVEU: poñer fin ao carácter transitorio das medidas adoptadas na resolución do 17 de xaneiro de 2017 (e corrección do 1 de febreiro), outorgando plenos efectos, dende o 28 de xuño de 2017, á relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 26 de xuño de 2017

O Reitor,



Salustiano Mato de la Iglesia